

BASES DA CLASIFICACIÓN DE TENIS 21/22



Concello de Outes



Formaremos unha clasificación cun máximo de 48 xogadores, sen límite de idades. A listaxe dos xogadores do número 1 ao 48 farase a sorteo sen cabezas de serie.



O sistema da competición será formar grupos de 3 xogadores que deberán disputar dous partidos cada dúas semanas.




Os xogadores 1º, 2º e 3º da clasificación xogarán entre eles, os xogadores 4º, 5º e 6º tamén, e así sucesivamente tódolos xogadores inscritos.








Unha vez xogados os dous partidos de cada xogador nas dúas semanas, actualizarase a clasificación. Ascenderase ao gañador do grupo, descenderase ao perdedor e manterase no grupo ao que gañe un partido e perda outro. Desta maneira, cada dúas semanas os grupos da clasificación variarán en función dos resultados.


BASES DA CLASIFICACIÓN DE TENIS 21/22



Concello de Outes

-  **En caso de triplo empate entre os xogadores, o procedemento para desempatar será mirando primeiro sets e despois xogos.**
-  **Os partidos serán ao mellor de 3 sets, xogándose o terceiro set en caso de empate a sets gañados.**
-  **O xogador que gañe o partido terá 3 puntos**
O xogador que perda o partido terá 1 punto
O xogador que non xogue un partido terá 0 puntos
-  **O terceiro set xogarase na modalidade de super tie-break, gañando o set o xogador que chegue a 11 puntos cunha diferenza de dous.**
-  **O xogador de menor clasificación do grupo será o encargado de chamar ao rival, reservar pista e informar á organización do resultado.**

BASES DA CLASIFICACIÓN DE TENIS 21/22



Concello de Outes



Datas da clasificación, arbitrase e días de xogo:



A clasificación comezará o día 20 de novembro e rematará no mes de maio, collendo aos 8 mellores xogadores para facer un cadro eliminatorio onde sacaremos ao campión de Tenis de Outes 2021/22.



Poderase xogar calquera día da semana sempre que os xogadores estean de acordo e teñan a reserva da pista.




A arbitrase correrá a cargo dos xogadores durante toda a competición. Confiamos na deportividade de tódolos xogadores.

Respectaranse en todo momento as regras da Real Federación Española de Tenis (RFET).




Calquera cambio de horario ou día do partido debe ser avisado ao rival e á organización cunha antelación mínima de 48 horas.

BASES DA CLASIFICACIÓN DE TENIS 21/22




Concello de Outes

 Calquera punto non contemplado nas bases da clasificación será resolto polo comité organizador.

 Todo comportamento fóra das leis da cortesía do deporte, terá unha sanción que podería levar a expulsión do xogador.

 Recomendacións para a práctica deportiva segura:

- 1- Mantén a distancia de 2 metros interpersoal.
- 2- Usa a máscara ata entrar a xogar na pista.
- 3- Lava e desinfecta as mans antes e despois de cada partido.
- 4- Leva a túa auga e toalla, non compartas.
- 5- Cruza a pista polo lado contrario ao teu rival nos cambios.
- 6- Evita o saúdo coas mans o rematar o partido.

 Para inscribirse na Clasificación de Tenis cada xogador terá que cubrir e pagar unha inscrición no Concello de Outes.

 Reserva das pistas na aplicación:

<https://www.jotform.com/210078098770056>

Organización da Clasificación: 606 884 536